

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 28 de NOVIEMBRE de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se vai celebrar o próximo venres, día 28 de novembro de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/08, do 31 de outubro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das Resolucións da Presidencia, da nº 16.601 á nº 19.600.](#)

[3.-Toma de coñecemento de resolucións da Presidencia de 24 de novembro de 2008, sobre modificación de delegación de atribucións do presidente en deputados membros da Xunta de Goberno e cambio de presidente da Comisión Informativa Permanente de Persoal e Réxime Interior.](#)

[4.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario de decembro.](#)

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

[5.-Inclusión no Programa operativo local \(POL\) 2000-2006 de obras inicialmente incluídas noutros plans.](#)

[6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pav. Avda. Meirás trav. Torroal – r/ Mon Vasco” do Concello de Arteixo, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2007. Código: 07.2100.0021.0](#)

[7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “San. Sobrepontes \(Portomouro\)” do Concello de Val do Dubra incluída no Plan de cooperación provincial \(PCP\) 2007. Código: 07.3100.0285.0.](#)

[8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Camiños Vilasuso” do Concello de Trazo, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código: 08.2100.0349.0.](#)

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

[9.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento en Sisalde” do Concello de Cedeira, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3200.0058.0.](#)

[10.-Aprobación do programa de actualización de aulas municipais de informática. Fase I.](#)

[11.-Aprobación da axuda aos concellos para o sostemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida GRUMIR anualidade 2008.](#)

12.-Informe da Deputación sobre a modificación dos Estatutos do Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

13.-Aprobación da primeira fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.

### **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

14.-Aprobación o proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da E.P. 0604 da E-544 a Arzúa por Calvos P.K. 0,000 ao 3,300 e do P.K.4,700 ao 5,000, O Pino e Arzúa (Plan de vías provinciais 2007 sexta fase).

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo.**

15.-Modificación do convenio administrativo do proxecto “Descuberta do patrimonio para a definición de rutas turísticas nas comarcas de Ferrol Eume e Ortegal”.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

16.-Modificación da base 48ª de execución do orzamento do exercicio 2008.

17.-Aceptación de ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Bergondo.

18.- Aceptación de ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Cedeira.

19.- Aceptación de ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Valdoviño.

20.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Bergondo.

21.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cedeira.

22.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Curtis.

23.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Mesía.

24.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Zas.

[25.-Orzamento xeral para o exercicio económico 2009 e bases de execución.](#)

**Persoal e Réxime Interior**

[26.-Aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2009.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2008

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 28 de novembro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG

DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten as Sras. Borbujo Martínez e González Cerviño.

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión, no punto número 25.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/08, DO 31 DE OUTUBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/08, do 31 de outubro.

#### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 16.601 Á Nº 19.600.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 16.601 á nº 19.600, de 2008.

#### **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2008, SOBRE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PRESIDENTE EN DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E CAMBIO DE PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións da Presidencia nºs 20.403 e 20.404, de 24 de novembro de 2008, sobre modificación de delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno e cambio de Presidente da Comisión Informativa Permanente de Persoal e Réxime Interior.

#### **4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.**

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 26 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 28 de xullo de 2007.

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2008 celebrarase o día 19 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

#### **5.-INCLUSIÓN NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2000-2006 DE OBRAS INICIALMENTE INCLUÍDAS NOUTROS PLANS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver o informe de control enviado polo Ministerio de Economía e Facenda en relación coa execución do Programa operativo local 2000/2006 desta deputación en cuxas conclusións figura a necesidade de eliminar o financiamento con cargo aos fondos FEDER da obra do Concello de Cerceda denominada “Ampliación do parque acuático de Cerceda”, código: 05.2303.0207.0 por non adecuarse aos obxectivos establecidos para o programa.

Logo de ver o grao de execución actual do POL 2000/2006 en relación co presuposto elixible susceptible de ser cofinanciado con fondos FEDER, e tendo en conta que existen outras obras incluídas noutros plans, inicialmente financiadas por esta deputación e que se poden incluír no Programa operativo local para os efectos de que se lles poida aplicar unha subvención con cargo aos fondos FEDER

1º Modificar o financiamento da obra do Concello de Cerceda denominada “Ampliación do parque acuático de Cerceda”, código: 05.2303.0207.0 no sentido de eliminar o financiamento con cargo aos fondos FEDER e financiarse integramente pola deputación tal e como se indica:

<b>“Ampliación do parque acuático de Cerceda”</b> Concello de Cerceda (Código: 05.2303.0207.0)						
	<b>Financiamento inicial</b>		<b>Financiamento modificado</b>		<b>Diferenza</b>	
	Ppto. contrata	Ppto. adjudicación	Ppto. contrata	Ppto. adjudicación	Diferenza contrata	Diferenza adjudicación
Deputación	215.976,29	205.717,42	719.920,97	685.724,72	503.944,68	480.007,30
FEDER	503.944,68	480.007,30	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>719.920,97</b>	<b>685.724,72</b>	<b>719.920,97</b>	<b>685.724,72</b>	<b>503.944,68</b>	<b>480.007,30</b>

2º Incluir no Programa operativo local 2000/2006, para os efectos de seren cofinanciadas cos fondos FEDER, as obras que a continuación se indican que inicialmente estaban incluídas noutros plans desta deputación e financiadas integramente pola deputación, de forma que pasen a estar incluídas no POL e a estar cofinanciadas cos fondos FEDER e da deputación.

Concello: Cariño			
Denominación: Mellora seguridade viaria Feas pk 2,37 - 3,71 2ª fase			
	Adjudicación inicial 06.2400.0502.0 Rede viaria local 2006	Adjudicación modificada 06.2300.0300.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	606.638,06	181.991,42	-424.646,64
FEDER (70%)	0,00	424.646,64	424.646,64
<b>TOTAL</b>	<b>606.638,06</b>	<b>606.638,06</b>	<b>0,00</b>

Concello: Ribeira			
Denominación: Ensanche seg, viaria EP 7309 Casa Comandante As Saíñas			
	Adjudicación inicial 06.2401.0503.0 Rede viaria local	Adjudicación modificada 06.2300.0301.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	365.420,00	109.626,00	-255.794,00
FEDER (70%)	0,00	255.794,00	255.794,00
<b>TOTAL</b>	<b>365.420,00</b>	<b>365.420,00</b>	<b>0,00</b>

Concello: Boiro			
Denominación: EP 1104 Boiro -Pte. San Francisco			
	Adjudicación inicial 05.2403.0506.0 Rede viaria local	Adjudicación modificada 06.2300.0303.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	218.748,00	65.624,40	-153.123,60
FEDER (70%)	0,00	153.123,60	153.123,60
<b>TOTAL</b>	<b>218.748,00</b>	<b>218.748,00</b>	<b>0,00</b>

Concello: Noia			
----------------	--	--	--



Denominación: Ampl. mell. EP 5708 Noia - Argalo			
	Adxudicación inicial 05.2401.0505.0 Rede viaria local	Adxudicación modificada 06.2300.0304.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	280.683,00	84.204,90	-196.478,10
FEDER (70%)	0,00	196.478,10	196.478,10
<b>TOTAL</b>	<b>280.683,00</b>	<b>280.683,00</b>	<b>0,00</b>

Concello: San Sadurniño			
Denominación: Ampl. mell. EP 7601 pk. 5350 a 98,40			
	Adxudicación inicial 06.1110.0003.0 Plan de vías provinciais	Adxudicación modificada 06.2300.0305.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	609.370,65	182.811,19	-426.559,46
FEDER (70%)	0,00	426.559,46	426.559,46
<b>TOTAL</b>	<b>609.370,65</b>	<b>609.370,65</b>	<b>0,00</b>

Concello: Provincia			
Denominación: EP 0106 Ameas - Oza km 4 a 8,6			
	Adxudicación inicial 05.1110.0001.0 Plan de vías provinciais	Adxudicación modificada 06.2300.306.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	673.927,95	202.178,38	-471.749,57
FEDER (70%)	0,00	471.749,57	471.749,57
<b>TOTAL</b>	<b>673.927,95</b>	<b>673.927,95</b>	<b>0,00</b>

Concello: Provincia			
Denominación: EP 7603 Feira a Coval Km 0-5			
	Adxudicación inicial 05.1110.0010.0 Plan de vías provinciais	Adxudicación modificada 06.2300.307.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	668.461,81	200.538,54	-467.923,27
FEDER (70%)	0,00	467.923,27	467.923,27
<b>TOTAL</b>	<b>668.461,81</b>	<b>668.461,81</b>	<b>0,00</b>

Concello: Provincia			
Denominación: Ampl. mellor. EP 1909 PK 6 - 12			
	Adxudicación inicial 04.1110.0006.0 Plan de vías provinciais	Adxudicación modificada 06.2300.308.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	1.178.342,03	353.502,61	-824.839,42
FEDER (70%)	0,00	824.839,42	824.839,42
<b>TOTAL</b>	<b>1.178.342,03</b>	<b>1.178.342,03</b>	<b>0,00</b>

Concello: Provincia			
Denominación: Mod. acond. mellora San Lourenzo			
	Adxudicación inicial 04.1110.0005.0 Plan de vías provinciais	Adxudicación modificada 06.2300.0309.0 Programa operativo local	Diferenza
Deputación fondos propios	1.040.452,84	312.135,85	-728.316,99
FEDER (70%)	0,00	728.316,99	728.316,99
<b>TOTAL</b>	<b>1.040.452,84</b>	<b>1.040.452,84</b>	<b>0,00</b>

<b>TOTAL 9 OBRAS</b>	Deputación fondos propios	-3.949.431,04
	FEDER (70%)	3.949.431,04
	TOTAL	0

3º Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan.”

**6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAV. AVDA. MEIRÁS TRAV. TORROAL – R/ MON VASCO” DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007. CÓDIGO: 07.2100.0021.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra ”Pav. avda. Meirás trav. Torroal - R/Mon Vasco” (código:07.2100.0021.0) do Concello de Arteixo, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 59.995,13 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do seu trazado inicial.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
07.2100.0021.0	Arteixo	Pav.avda.Meirás trav. Torroal- R/Mon Vasco	22.278,73	21.760,62	7.771,65	8.184,13	59.995,13

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SAN. SOBREPONTES (PORTOMOURO)” DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO: 07.3100.0285.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “San. Sobrepones (Portomouro)” do Concello do Val do Dubra, incluída no Plan de cooperación provincial 2007, (código: 07.3100.0285.0) que non representa variación no seu orzamento total nin cambia a finalidade do proxecto inicial pero varía o seu trazado porque cambia a colocación da fosa-filtro para evitar o seu vertido ao río.”

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>TOTAL</b>
07.3100.0285.0	San. Sobrepones (Portomouro) Concello do Val do Dubra	38.793,60	38.793,60

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑOS VILASUSO” DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0349.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Camiños Vilasuso” (código:08.2100.0349.0) do Concello de Trazo, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 59.378,09 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial do camiño previsto no proxecto orixinal.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F.propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento Total</b>
08.2100.0349.0	Trazo	Camiños Vilasuso	28.565,62	19.664,24	8.179,33	2.968,90	59.378,09

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO EN SISALDE” DO CONCELLO DE CEDEIRA, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3200.0058.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Abastecemento en Sisalde" do Concello de Cedeira, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005 (Código 05.3200.0058.0), que foi aprobada na sesión plenaria da deputación do día 22 de decembro de 2005, cun presuposto de contrata de 175.575,15 euros, posto que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade nin o obxecto da obra, aínda que supón un cambio de localización desta.

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación Fondos propios</b>	<b>Presuposto Total</b>
05.3200.0058.0	Cedeira	Abastecemento en Sisalde	175.575,15	175.575,15

## **10.-APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTUALIZACIÓN DE AULAS MUNICIPAIS DE INFORMÁTICA.**

### **FASE I.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a I fase do programa, de acordo co seguinte:

Programa de actualización de aulas municipais de informática

#### **1. – Obxecto**

O obxecto do presente programa é a actualización do equipamento informático das aulas municipais de informática, incluídas no seu día nos programas convocados pola deputación entre os anos 2001 e 2003, mediante a substitución total ou parcial dos equipos existentes na actualidade.

#### **2. – Financiamento**

Este programa finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 0601/126 E/62800 "equipamento de aulas municipais".

#### **3. – Condicións**

- \* Correspóndelle á deputación a adquisición, instalación e configuración dos equipos, de forma que queden funcionando en cada aula.
- \* O período de garantía dos novos equipos será de 5 anos, "in situ".
- \* A deputación non recollerá os equipos antigos senón que quedarán a disposición dos concellos.
- \* O mantemento dos equipos correspóndelle aos concellos polo que, a partir da instalación dos novos equipos, a deputación deixará de prestar este servizo.

#### **4. - Tramitación do programa**

O programa realízase en dúas fases; os criterios para a adscrición dos concellos a cada unha delas son os seguintes:

Fase I:

- \* Antigüidade dos equipos: inclúense os concellos con Pentium III.
- \* Grao de utilización da aula: exclúense os concellos cuxa aula está pechada ou sen persoal de atención.
- \* Poboación: exclúense os concellos de máis de 50.000 habitantes.

Fase II:

Inclúense os restantes concellos.

## **5. - Resolución do programa**

De acordo cos criterios anteriores, os concellos incluídos en cada unha das fases son os seguintes:

Fase I: Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, A Baña, Betanzos, Boimorto Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Carnota, Cerceda, Cerdido, Cesuras, Corcubión, Curtis, Dodro, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Mugar dos, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, O Pino, Pontedeume, Ponteceso, Porto do Son, Rianxo, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Sobrado, As Somozas, Touro, Vilarmar e Vilasantar.

Fase II: Ames, Arzúa, Bergondo, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira (pechada), Cee (pechada), Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Frades, A Laracha, Lousame, Mañón, Melide, Mesía, Miño (pechada), Moeche (sen persoal), Monfero, Noia, Oleiros, Padrón, Pobra do Caramiñal, As Pontes, Ribeira, Santiago, Santiso (pechada), Teo, Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vimianzo e Zas.”

## **11.-APROBACIÓN DA AXUDA AOS CONCELLOS PARA O SOSTEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA GRUMIR ANUALIDADE 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder unha axuda aos concellos de: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes Ribeira, Santa Comba, e Vimianzo, o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por unha contía de 45.000,- euros por concello, e polo tanto un total de 720.000,- euros.

2.- Os concellos deberán xustificar a subvención mediante certificación dos gastos totais realizados, deducíndose destes as cantidades percibidas pola Xunta de Galicia para tal fin e, si é o caso, por calquera outra administración pública ou privada.

3.- Así mesmo, deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, polo que deberá autorizar á deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa

Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

4.- O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas ao concello para tal fin pola deputación, Xunta de Galicia por calquera outra administración pública o privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e no caso de sobrepasar esa cifra a deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

5.- A formalización da axuda levarase a cabo mediante un convenio que se xunta como convenio tipo, a sinatura do convenio e a correlativa concesión formal da axuda provincial queda condicionada a que con anterioridade a esta cada un dos concellos beneficiarios da axuda acrediten, de forma fidedigna no expediente, a circunstancia de non ter débeda ningunha coa Administración Xeral Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa propia deputación. Ademais os concellos deberán ter xustificada a campaña do exercicio 2007.”

#### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE INTERVENCIÓN RÁPIDA PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE**

A Coruña, de de dous mil oito

#### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Don alcalde-presidente do Concello de

#### **EXPOÑEN**

1.- Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.

3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.

4.- Que os GRUMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Xunta de Galicia e máis a FEGAMP.

5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar o fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de \_\_\_\_\_ acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA .-OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os CONCELLOS no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, tocante a conseguir a inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencias domiciliarias, apoio en materia de seguridade viaria, actividades ambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídos noutros Plans ou Programas provinciais.

### **SEGUNDA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €. No caso de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/223A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

### **TERCEIRA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao CONCELLO de o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **CUARTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

### **QUINTA.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

Logo da sinatura deste convenio aboarase por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida.

O CONCELLO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se o CONCELLO ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

### **SEXTA.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, O CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO da sanción que, de conformidade co



disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO na documentación subministrada. E se transcorren máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONCELLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

#### **SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa de oficio esta.

#### **OITAVA.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **NOVENA.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **DÉCIMA.-REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da deputación.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xaneiro do dous mil oito e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2009.

2. Previa solicitude do CONCELLO, realizada polos menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do CONCELLO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do \_\_\_\_\_ de dous mil oito.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data expresados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA  
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE

Salvador Fernández Moreda

## **12.-INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En exercicio das atribucións conferidas a deputación polo artigo 143.1b da Lei de administración local de Galicia pola que se lle faculta para emitir informe ás modificacións dos estatutos do Consorcio provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento; prestar conformidade ás modificacións do artigo 23 letra a) e a Disposición adicional dos estatutos do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, aprobadas polo Pleno do Consorcio en sesión celebrada o pasado 4 de novembro de 2008.”

## **13.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo Sr. Presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, do 19 de novembro de 2008, na que se inclúen todas as solicitudes coa documentación correcta e que cumpren todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste plan especial, e no que se propón incluír nesta primeira fase do plan 21 obras.

1º) Aprobar a primeira fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008.

Neste plan inclúense as 21 actuacións que se indican a continuación, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
Abegondo	08.3250.0001.0	Iluminación cmp. mpal. fútbol de Vizoño	17.252,42	60.000,00	77.252,42
Ares	08.3250.0002.0	Inst. eléctrica campo fútbol de herba artificial "Prados Vellos"	36.278,06	60.000,00	96.278,06
Arzúa	08.3250.0003.0	Mellora da iluminación e outros complementos no campo de fútbol de Arzúa	3.097,00	17.548,54	20.645,54
Baña A	08.3250.0004.0	Subministración material deportivo para o campo de fútbol da Baña	3.064,12	17.363,36	20.427,48
Betanzos	08.3250.0005.0	Mellora e ampl. instalacións no cmp. fútbol do Carregal	49.537,29	60.000,00	109.537,29
Boiro	08.3250.0006.0	Adec. vestiarios e novo edificio para aseos-almacén cmp. fútbol Vista Alegre	10.574,98	59.924,87	70.499,85
Cabana	08.3250.0007.0	Reforma de vestiarios do campo de fútbol As Redondas	20.000,00	60.000,00	80.000,00
Camariñas	08.3250.0008.0	Peche perimetral campo fútbol Camariñas	86.455,94	60.000,00	146.455,94
Cambre	08.3250.0009.0	Iluminación campo fútbol Lendoiro-A Barcala	12.835,76	60.000,00	72.835,76
Carnota	08.3250.0010.0	Obras complementarias campo fútbol mpal. Lombás	11.000,00	60.000,00	71.000,00
Cee	08.3250.0011.0	Inst. iluminación terreo de xogo no lugar de Xallas	9.000,00	51.000,00	60.000,00
Cerceda	08.3250.0012.0	Vestiarios con bancadas no campo de adestramento "O Roxo"-O Piñeiro	309.157,94	60.000,00	369.157,94
Culleredo	08.3250.0013.0	Ampliación iluminación campo fútbol "A Lavandeira"	8.687,44	49.228,83	57.916,27
Dodro	08.3250.0014.0	Obras complementarias campo fútbol mpal.Chenlo	8.294,95	47.004,73	55.299,68
Dumbría	08.3250.0015.0	Edificación complementaria ás instalacións do campo de fútbol de Dumbría	89.971,68	60.000,00	149.971,68
Malpica	08.3250.0016.0	Iluminación campo de fútbol de Buño	8.935,76	50.635,95	59.571,71
Mazaricos	08.3250.0017.0	Insta. iluminación do adestramento do campo de fútbol municipal da Picota	10.587,87	59.997,96	70.585,83
Oroso	08.3250.0018.0	Instalación iluminación do campo de fútbol de Sigüeiro	10.518,89	59.607,02	70.125,91
Rianxo	08.3250.0019.0	Instalación iluminación no campo de fútbol da Lomba	8.999,87	50.999,23	59.999,10
Val do Dubra	08.3250.0020.0	Instalacións eléctricas de vestiarios do campo de fútbol no Val do Dubra	7.611,78	43.133,42	50.745,20
Cariño	08.3250.0021.0	Ampliación instalación iluminación e acceso ó campo fútbol de Cariño	10.588,24	60.000,00	70.588,24

TOTAL....	732.449,99	1.106.443,91	1.838.893,90
-----------	------------	--------------	--------------

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

3º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan da deputación.

Modificar o prazo de contratación das obras previsto na base 7, no sentido de ampliálo ata o día 30 DE XUÑO DE 2009.

Modificar o prazo de execución das obras previsto na base 8, no sentido de ampliálo ata o día 1 DE DECEMBRO DE 2010.

4º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentase ningunha.

5º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe ".

#### **14.-APROBACIÓN O PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0604 DA E-544 A ARZÚA POR CALVOS P.K. 0,000 AO 3,300 E DO P.K.4,700 AO 5,000, O PINO E ARZÚA (PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007 SEXTA FASE)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar o PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0604 DA C-544 A ARZÚA POR CALVOS P.K. 0,000 O 3,300 E DO P.K. 4,700 AO 5,000, O PINO E ARZÚA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0711100015.1) por un orzamento de contrata de 449.446,23 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 66.615,67 euros.

2º Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., con C.I.F. A-15352735, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa da adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 313.277, 96 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 46.431,12 euros

3º Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 9.286,22 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do

prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 62.655,59 euros.”

### **15.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO DO PROXECTO “DESCUBERTA DO PATRIMONIO PARA A DEFINIÇÃO DE RUTAS TURÍSTICAS NAS COMARCAS DE FERROL EUME E ORTEGAL”.**

#### INTERVENCIONS

##### Sr. Presidente

Este punto ten unha emenda porque hai un erro de transcripción, ponse que a finalización deste convenio é o 31 de outubro do ano 2008, e en realidade é o 31 de outubro do ano 2009. Entón, se as señoras e señores deputados están de acordo, incluíriamos esta pequena modificación no ditame e someteriamos a aprobación o ditame con esta corrección.

#### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o ditame da Comisión coa emenda:

"1.- Aprobar a modificación do convenio suscrito entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a asociación Medulio para financiar o proxecto descuberta do patrimonio para a definición de rutas turísticas nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

2.- A achega provincial prevista no convenio inicial ascendeu a un total de 30.000 euros, que supuxo 41,780 % do presuposto do proxecto. A modificación aprobada no presente acordo implicaría incrementar a achega en 30.000 euros máis ata chegar a un total de 60.000 euros. A nova porcentaxe de achega provincial quedaría establecida no 83,56 % do presuposto do proxecto

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/711.C/227.99

3.-Engadir unha nova cláusula relativa á vixencia do convenio modificado que queda establecido no 31 de outubro de 2009:

“Decimoterceira. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2009.”

4.- Aprobar a modificación do texto do convenio de acordo co texto incorporado como anexo do presente acordo.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO PARA FINANCIAR A DESCUBERTA DO PATRIMONIO PARA A DEFINICIÓN DE ROTAS TURÍSTICAS NAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL.**

A Coruña, dezaseis de maio de dous mil oito, na sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, a. Sra. Dona Elia Rico Lagarón, presidenta da Asociación Cultural Medulio, en representación desta, en virtude das competencias que lle son conferidas no artigo 24 dos seus Estatutos.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos en na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento expoñen.

Que a Asociación Medulio ten como fins específicos promover e espallar a cultura galega en todas as súas manifestacións.

É por iso que ambas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen a dinamización da zona de Ferrol- Eume e Ortegal, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO, para o financiamento do Proxecto de Descuberta do Patrimonio para a Definición de Rotas Turísticas nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

**Segunda.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA**

A ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

**CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:**

1. Guía de 10x19 cm. De 120 páxinas. Impresa a cuatricromía.



**Papel:** Estucado brillo de 115 gr. para o interior, e 270 gr. para portada plastificada polo exterior.

**Acabado:** As capas serán dobres para soportar un plano.

10.000 Guías..... 20.000,00 euros.

2. Reportaxe fotográfica. Importe..... 1.200,00 euros

3.Plano despregable. Tamaño aberto 63x42, pechado en 10,5x21 cm.

**Papel:** Estucado brillo de 135 gr. Impreso a cuatricromía por ambas caras.

Tamaño pechado 21x15 cm.

2.000 planos..... 3.000.00 euros

4. Calendario de parede. De 16 páxinas, incluídas portadas.

**Papel:** Estucado brillo de 200 gr. Impreso a cuatricromía.

**Acabado:** Grampado: Con taladro no centro.

2.000 calendario.....3.500,00 euros

5. Paraugas

**Acabado:** Serigrafado a 1 tinta.

1.000 paraugas..... 4.500,00 euros

6. Bolígrafo e libreta de campo

**Bolígrafo:** Serigrafado a 1 tinta. Bolígrafo de plástico.

**Libreta:** Tamaño A6, de 50 follas, sobre papel offset de 80 gr. Con cuberta en cartolina.

500 bolígrafos e 500 libretas.....1.600,00 euros

7. Axenda semana á vista. Tamaño A5, de 128 páxinas.

**Papel:** Offset de 150 gr. Impreso a cuatricromía.

**Acabado:** Con tapa dura ao cromo.

2.500 Axendas..... 11.800,00 euros

8. Elaboración de documentación técnica.

Grupo de redactores/as.....16.300,00 euros

**Importe**.....**61.900,00 euros**

**IVE (16%)**.....**9.904,00 euros**

**Importe Total**.....**71.804,00 euros**

### **Terceira.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha

porcentaxe do **83,56 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 83,56% , da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/48901, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

#### **Cuarta.-, CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **Quinta.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO.

**Sexta.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**Sétima.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **Oitava.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

#### **Novena.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **Décima.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **Décimo primeira.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres

meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **Décimo segunda.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO seranlles remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

#### **Décimo terceira.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2009.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN CULTURAL MEDULIO, realizada antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**Décimo cuarta.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xuridan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da deputación, previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 6.466 do 30 de abril do 2008

O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN MEDULIO
Salvador Fernandez Moreda	Elia Rico Lagarón

## 16.-MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2008

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar a documentación que se presenta, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento provincial.

1º-1 Incluir as subvencións nominativas que se enumeran a continuación ás recollidas na Base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0104/330B/489.01	Ecodesarrollo Gaia	Gastos, mantemento “ <i>Escola Coruña</i> ” en Senegal	12.500,00	25.000,00	50,00
0104/330B/789.01	Solidariedade Internacional Galicia	Proxecto “Introdución de auga potable por bombeo para a Comunidade de Olga María Cuchupán, Municipio de Champerico - Guatemala	100.000,00	217.838,09	45,91
0104/463C/489.01	Centro social Casa de Espanha	Cofinanciar gastos mantemento centro maiores (gastos médicos e honorarios asistente social)	6.000,00	8.883,95	67,54
0104/463C/489.01	Fogar español de Montevideo (Uruguai)	Gastos de funcionamento	66.000,00	197.947,41	33,34
0305/463B/762.01	Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza	Adquisición dun camión recolledor compactador de carga traseira	34.984,77	300.042,12	11,66
0305/463B/762.01	Concello de Boiro	Investimento promoción turística	11.990,50	11.990,50	100
<b>TOTAL</b>			<b>231.475,27</b>		



2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

## **17.-ACEPTACIÓN DE AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BERGONDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Bergondo en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **18.- ACEPTACIÓN DE AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cedeira en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos segundo a Ordenanza reguladora publicada no BOP núm. 295, do 24 de decembro de 2007.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **19.- ACEPTACIÓN DE AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Valdoviño en relación coa seguinte materia:

- Recadación executiva das multas coercitivas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **20.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BERGONDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Bergondo. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **21.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cedeira. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de maio de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **22.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CURTIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Curtis. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 21 de agosto de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **23.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MESÍA**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Mesía. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 5 de abril de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **24.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ZAS**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Zas. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 15 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da

provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **25.-ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2009 E BASES DE EXECUCIÓN**

### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días.

Imos debater o Orzamento inicial 2009, tendo en conta, e voume atrasar un pouquiño no tempo, retrotraerme no tempo, que hai agora aproximadamente un ano faciamos o estudo, a presentación tamén do Orzamento inicial, cunhas circunstancias económicas distintas ás actuais e que os obxectivos a lograr con este orzamento serán distintos. En termos políticos temos que utilizar para lograr os distintos obxectivos cos instrumentos que dispoñemos, e neste sentido, e despois dun diagnóstico entendemos que o máis correcto posible, tratamos de chegar a un orzamento que se basea na austeridade, no realismo e no incremento dos investimentos produtivos.

No momento actual resulta evidente, non é necesario incidir, en que estamos atravesando unha crise económica, que non repercute só en España, na Unión Europea, no marco, onde nestes momentos nos desenvolvemos, senón que ten unhas consecuencias económicas de tipo mundial. Por un lado, un menor crecemento económico que afecta á renda e ao desemprego, por outra parte, as Administracións públicas dispoñemos de menos ingresos polos tributos que están vinculados á actividade económica e que se ten que atender a uns crecentes gastos en servizos públicos. Doutra banda, as empresas afrontan unha menor demanda que pon en risco os seus beneficios e, polo tanto, a súa viabilidade, e os cidadáns no seu conxunto ven limitadas as posibilidades de emprego e as posibilidades de consumo.

Pero este escenario non ten que traer consigo algo para que as administracións, e en concreto a Deputación provincial, teña que estar parada, teña que non afrontar con fortaleza, con solidez e con rigor estes problemas que, indubidablemente, afectan aos nosos concellos da provincia e á propia institución. Por que motivo?, o motivo é que os concellos da provincia ven minguados os seus ingresos, como resulta evidente, no ICIO, no imposto de construcións e de obras, no IBI, e noutros elementos, como son a participación dos tributos do Estado. Quérome referir a que onte recibimos unha noticia importante e hoxe aprobouse en Consello de Ministros, onde o presidente, o Sr. Rodríguez Zapatero, vai destinar de acordo coas reunións e as discusións dentro da FEMP, 8.000 millóns de euros para investimentos nos concellos. Haberá que buscar como se regulan e haberá que buscar, tamén, se algo toca a outras institucións locais, como son as deputacións, os cabidos e os consellos insulares.

Temos que significar que, malia que ocorren todos estes temas a nivel internacional, a Deputación da Coruña conta cunha solidez financeira, cunha solidez económica, en resumo, eu diría que goza de boa saúde, ao que me referirei ao longo da miña intervención, cos parámetros do aforro bruto neto, coa carga financeira e coa débeda.

Sen dúbida, a presentación dun orzamento, neste caso o orzamento da provincia, que é inicial, é un dos feitos políticos, por non dicir o máis relevante, que afecta a todas as institucións, e que pon de manifesto a expresión económica-política, neste caso do equipo de goberno, pero si sendo receptivos a distintas propostas e iniciativas que nos fixo a oposición, neste caso formada polo Grupo Provincial Popular. E é algo que non é algo pechado, é algo dinámico, é algo que non é estático, e iso vainos permitir ao longo do exercicio facer a incorporación de remanentes, facer os expedientes aprobados segundo as bases de execución deste orzamento pola Presidencia, ou ben polo Pleno, chegar á súa liquidación e, a última fase, como ben saben todos vostedes, o final do ciclo económico, é a rendición da Conta Xeral.

Cales son as características, digamos políticas, que conforman este Orzamento inicial 2009? Eu diría, en primeiro lugar, que o eixe principal é a asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos, así como a cooperación con eles, e aí salienta a partida máis importante que é a dirixida ao Plan de cooperación ás obras e servizos, con 23,7 millóns de euros, máis o 5% mínimo de achega dos concellos.

En segundo lugar, procúrase buscar a máxima austeridade, pero que non debe de quedar, e non queda, de feito, nesa palabra austeridade, senón que se materializa en distintas economías que se liberan e que pasan aos investimentos produtivos. Libéranse economías no capítulo II de gastos correntes e de servizos, que se reduce a un -4,2%, quere dicir que isto é o equivalente a algo máis de 1.542 millóns de euros, foi unha pelexa forte que tivemos para chegar a esta redución. Doutra banda, conxélanse as retribucións dos membros da Corporación, tanto os que temos dedicación exclusiva como aqueles que cobran as súas axudas de custe por asistencias a Comisións ou a Plenos. Igualmente a austeridade reflíctese na redución dos gastos de representación e de publicidade, e tamén se reconsideraron algúns programas de gasto corrente vixente que a súa limitación cuantitativa é importante, e que non afectaban directamente aos servizos municipais.

É un orzamento, ao tempo, solidario, solidario porque a partida de servizos sociais se incrementa, e participamos como vén facendo esta institución, na colaboración con entidades de centros galegos da emigración, centros que están alén do mar, recentemente, como é sabido por todos, acábase de producir unha visita institucional do presidente e voceiros dos grupos a Montevideo, e vaise seguir colaborando cos nosos concidadáns que viven nunhas circunstancias económicas complexas. Igualmente, colaboracións con ONG que cremos que deben seguir manténdose.

(Incorpórase á sesión a Sra. Vázquez Veras).

Continúase decididamente pola colaboración, cooperación e coordinación interadministrativa. Aquí queremos destacar en nome do equipo de goberno, quero destacar as achegas importantes que se fan ao Consorcio Provincial de Bombeiros, as achegas que se fan para os GRUMIR e para Protección Civil, para o Consorcio das Mariñas, que aínda que é unha achega pequena, ao longo do exercicio verase incrementada, e tamén os proxectos turísticos da Costa da Morte e de Ferrol-Ortegal, entre outros.

Determináanse importantes partidas para a modernización dos servizos, tanto internos como dos concellos. Neste aspecto, queremos dicir que unha das facetas da deputación que está facendo, son os servizos de xestión, recadación e inspección tributaria, ademais dos servizos de xestión catastral naqueles municipios que teñen delegadas as súas competencias, que son un total de 82, máis o Consorcio da Mariñas.

Neste sentido, como saben as Sras. e os Sres. deputados, estívose establecendo, e hoxe aprobamos distintas prórrogas dos concellos, ata o ano 2022, ata o 1 de xaneiro de 2022. Quere dicir isto que o servizo que se está prestando está sendo atinado, aínda que algunhas veces, como é lóxico, cométese pequenos erros que normalmente se corríxen axeitadamente. Esta prórroga vai pasar a levar aos concellos a unha entrega a conta que era do 80%, vai pasar ao 90%, e que queremos dicir con isto, pois queremos dicir que os concellos van ter unha liquidez todos os meses, sen aboar ningún tipo de xuro, si pagando unha pequena taxa, e que significa para a deputación ter uns adiantos de Tesourería ao longo do ano de preto de 90 millóns de euros. Como ben saben, as Sras. e os Sres. deputados, cada mes faise unha entrega a conta, fanse as liquidacións o máis áxil posible, concretamente acabamos de presentar na Comisión de Economía do pasado martes, demos conta da liquidación de cobranza executiva de liquidacións e autoliquidacións por algo máis de 9 millóns de euros, e que se fará a liquidación provisoria no mes de decembro, e a definitiva no mes de xaneiro do ano 2009. Quere dicir que estamos tamén no bo camiño neste aspecto.

Séguese apostando polo medio natural e polo desenvolvemento sostible en actuacións como a auditoría de aforro enerxético que se está a facer neste momento, e que se levará logo a efecto a través do que se chama plan PEACE, o plan que vai constituír o aforro enerxético nos concellos da provincia.

Igualmente estúdase a posta en valor dos nosos ríos, neste caso coas actuacións na cunca do río Mandeo. Faise o Plan piloto nas comarcas de Arzúa, Betanzos e Melide, de cara á incorporación de enerxías sostíbeis de paneis solares en dependencias municipais, ben en casas dos concellos, en polideportivos, colexios, etc. E tamén, como non, destacar aquí algo que, aínda que son pequenas partidas, teñen unha incidencia importante, como é o Plan de depuradoras, que se fai desde o departamento de Vías e Obras, onde van unhas partidas para o seu estudo, de mantemento, conservación e

seguimento daquelas que están funcionando, e levarase a efecto a única que queda pendente, que é a do Concello de Cariño. Se a isto engadimos a limpeza de praias cunha achega dun millón de euros, digamos que si vemos que hai unha aposta importante desta institución provincial de cara ao medio natural e ao desenvolvemento sostible.

Falaba da solidez orzamentaria. A apelación ao crédito baixa 100.000 euros, sitúase en 7.900.000 euros, o que nos sitúa nunha, dicía con anterioridade, solidez orzamentaria, nos distintos parámetros e aspectos que marca nesta. Por un lado temos o aforro neto e o aforro bruto favorables, por outra banda, a débeda viva é a máis baixa dos últimos dez anos, redúcese en torno a catro millóns de euros, e por darlles un dato, a carga financeira que, como saben, ten un tope do 25%, baixámola ata o 10,53, o que quere dicir isto que nos atopamos cunha banda do 14,47 para un posible endebedamento a maior escala, cousa que dá esa solidez, esa economía de boa saúde.

Continúase coa busca de emprego a través de programas europeos, ou ben doutras facetas e actuacións, tanto da propia institución como dos concellos da provincia, aos cales, desde agora, temos que ollar con moita máis atención e con moito máis cariño porque, indubidablemente, se a deputación ten que ser o concello de concellos, agora, se cabe, ten que ser máis. De aí que queira anunciar que se está estudando a posibilidade de varios temas importantes, sobre todo por algo que preocupa aos pequenos concellos, e que é o elevado gasto corrente. Estanse a facer estudos por parte dos servizos económicos, os tres grupos teremos reunións ao longo do exercicio 2009 para executar, tratar de executar, un plan importante e tratar de que o Plan de obras e servizos non teña o carácter finalista que ten, senón que poida incorporarse ao capítulo de gasto corrente, un gasto corrente para manter e conservar as estradas ou os servizos, aqueles que sexan os máis importantes.

Dicir que cumprimos estritamente coa Lei de estabilidade orzamentaria. E desde aquí quero tamén subliñar unha reivindicación do municipalismo onde as entidades locais teñen o mesmo tratamento neste aspecto como as Comunidades Autónomas.

Resumindo, os investimentos, programas, actuacións, transferencias, acadan preto de 145 millóns de euros, o que supón o 71,85% do orzamento total. Con isto queremos dicir que de cada 100 euros, 72 van a estas actividades, aos servizos, á mellora dos servizos, ao fomento do emprego, ao turismo, en resumo, van dirixidos aos nosos cidadáns que son os destinatarios finais, en definitiva, destas melloras. Cabe subliñar que a maior parte das transferencias son investimentos e transferencias de capital aos concellos.

Dentro das reflexións da metodoloxía de traballo e o calendario, hai unha filosofía política detrás que trata de acadar os obxectivos dunha maior xestión orzamentaria, moitas veces non imputable á propia institución, senón a distintos organismos que teñen que emitir informes, etc. E quero dicir que o orzamento se presenta en tempo e forma e que os datos, a documentación, que está a disposición de



todas as Sras. e Sres. deputados, está incorporada ao expediente. Tratouse de facer un orzamento de base 0, partindo das partidas mínimas para liberar os gastos correntes ao que me refería ao inicio da miña primeira intervención. Quero destacar as distintas achegas que fixo o Grupo Popular, algunhas delas recóllense nestes orzamentos, e como non, o labor que fixeron os funcionarios que estiveron traballando moito, o cal lle agradecemos en nome do equipo de goberno, tamén seguro que Grupo Popular valorará o seu esforzo, e dunha maneira moi especial aos de Presupostos e Estudos Económicos.

Con respecto ao calendario, presentouse con antelación aos grupos políticos en varias reunións, concretamente a primeira foi o día 20, que se entregou un anteproxecto, mantivéronse outras reunións de traballo, tivo lugar a Comisión Informativa e hoxe estamos aquí para tratar, se é posible, de darlle o visto e praxe a este documento.

Con respecto ao capítulo de ingresos direi en primeiro lugar que o orzamento significa un total de 201.406.100 euros, o que supón un 2,11% sobre as previsións do exercicio 2008, porén, e tendo en conta a inflación, aínda que neste momento cabe a posibilidade de que se chegue a situar no 2,5%, o orzamento decrece en termos reais se o comparamos coa inflación. Cal é o sustento principal dos ingresos dos orzamentos provinciais?, sabemos que o Orzamento provincial ten unha dependencia orzamentaria en torno a un 84% e un 16% é autonomía propia. A maior parte provén dos ingresos dos tributos do Estado, con algo máis de 133 millóns, este ano podemos dicir que podemos encontrarnos satisfeitos, dado que a liquidación do ano 2007 foi boa, pero que en próximos anos e dada a crise temos que procurar ver cal é a situación destas transferencias do Estado que se van ver sensiblemente minguadas.

E xa nos ingresos digamos autónomos, como sabemos todos no pasado Pleno aprobáronse as ordenanzas fiscais, cun incremento nunha parte delas do 4,2%, a isto hai que engadir a recarga provincial do IAE, con 3,6 millóns de euros; os ingresos patrimoniais por xuros, depósitos bancarios; os pasivos financeiros e o crédito por 7,9 millóns.

Contemplamos distintas achegas de fondos FEDER, de fondos europeos, e consideramos que debemos de seguir nesta liña. Onte, sen ir máis lonxe, dentro da reunión do Plan Estratéxico Provincial presentáronse dous plans que están en marcha, como son o Mandeo, ao cal xa me referín, e o proxecto Xiana e posiblemente lévese a efecto un novo proxecto, que é o proxecto Dorna, en combinación con outras entidades e que, a través de, ben escolas-taller, ou ben talleres de emprego, axudarannos a executar e a realizar actividades que nos permitan ofertar emprego aos nosos conveciños.

E xa paso, moi resumidamente ao capítulo de gastos que obedece aos criterios orgánico, que é quen o gasta, funcional, para que se gasta e económico, en que se gasta. O gasto, como dicía, na súa maior parte vai dirixido aos concellos, entidades ou asociacións, ou ben a investimentos e servizos desta propia deputación. Teñen

vostedes, entregóuselles unha documentación, onde veñen os gráficos, o gráfico de círculos ou o gráfico de barras, onde se ve claramente a tendencia orzamentaria progresista destes orzamentos, que como digo vou debullar moi resumidamente.

Falabamos da aposta polo desenvolvemento sostible. A xestión de plans é o programa que abarca a maior cantidade do orzamento, un 23,85%. Quero destacar aquí o novo programa de parques infantís cuxas bases aprobamos no mes pasado de outubro, cun 1.900.000 euros, o Plan de obras e servizos, ao cal me referín, os proxectos de modernización, que son 600.000 euros e que van formar parte do Servizo de Asistencia a Municipios, este servizo de asistencia a municipios este ano non está só no propio servizo, senón que se atopa en informática, na xestión de plans con estes 600.000 euros e noutros apartados, aparte do propio Servizo de Asistencia a Municipios, que podemos dicir que estamos tratando de mellorar, e os datos estatísticos que teño a disposición de calquera deputado ou deputada que queira consultar, vemos que son favorables aínda que, por suposto, mellorables.

O Plan de FEDER-Mando, o Plan de aforro enerxético con dous millóns e, como non, hai que referirse aos nosos traballadores, ao noso colectivo de preto de 800 traballadores, que verán incrementados os seus ingresos de acordo coas directrices da Lei de orzamentos xerais do Estado, un 2% está na mesma, e un 1% para complementar un terzo o complemento específico e así as pagas sexan do cen por cento. As políticas sociais negociadas cos sindicatos incrementáronse un 3%, o que supón algo máis de 2,6 millóns de euros. E quero subliñar que este equipo de goberno seguirá cumprindo os acordos que aquí se aprobaron do Plan de emprego de cara ao exercicio 2009, a cumprilo estritamente, e así constan as partidas orzamentarias na base nº 40 deste documento.

Non nos podemos esquecer da aposta pola cultura e polo deporte base. Quero destacar que as subvencións nominativas e aos concellos, as xerais, imos tratar de pagalas no momento en que se asinen os convenios correspondentes para que os concellos teñan a liquidez económica directa, isto cremos que vai ser un avance importante. Tamén se fan esforzos nas subvencións e achegas aos concellos, como dicía antes, e ás entidades e asociacións da provincia.

Seguimos mellorando preto dos 1.200 quilómetros que temos de estradas, se cabe, cun aumento considerable no investimento no Plan VIP que pasa de 5 a 6 millóns e medio de euros, mantense a mesma contía no mantemento e conservación, tamén de 6 millóns de euros, que eu sempre digo que, malia ir no capítulo II, débese considerar como un único investimento, pero vai no capítulo II que, como indicaba antes, hai unha mingua de máis de millón e medio de euros neste exercicio. O Plan de travesías, o Plan de seguridade viaria, con preto de 2 millóns e medio, e as depuradoras, ás cales xa fixen referencia tamén ao longo da miña intervención.

Apóstase en promoción e incentivos económicos polo fomento do sector primario, polo fomento do sector pesqueiro, polo sector agrícola e gandeiro, e pola

acción comunitaria con concellos e con entidades da provincia, e como non, os distintos plans turísticos que teñen a súa importancia e están tendo un éxito considerable, nese convenio a tres bandas: Ministerio-Xunta Deputación.

Séguese apostando polos servizos sociais que, aínda que moitas veces as cantidades non son o elevadas que quixésemos, sempre van sufrir logo ao longo do exercicio unha cantidade de incrementos. Representa preto de 9 millóns de euros, igualmente para políticas de igualdade de xénero, de normalización lingüística e outras.

E xa vou rematar esta primeira intervención, pero quería facelo salientando un importante esforzo tamén investidor desta institución provincial, refírome ao monumento megalítico posiblemente máis importante de Europa occidental, que é o dolmen de Dombate para o cal apostamos por unha cantidade de 1.960.000 euros e que cremos que pode ser suficiente para recuperar na súa totalidade. Igualmente recibe 600.000 euros para distintas obras o Mosteiro de Caaveiro, e aquí vou parar xa a miña intervención cunhas breves conclusións.

Non quixen estenderme moito porque as Sras. e Sres. deputados a relación numérica téñena ao seu dispor, creo que clara e sucintamente.

As conclusións serían que temos que seguir sendo máis concello de concellos, que temos que seguir apostando a deputación por algo que é importante, e polas dificultades económicas que neste momento nos atopamos e que, insisto, poden chegar a ser máis graves aínda no exercicio 2010. Esperemos que cos nosos grans que fan esa morea, a través dos plans, dos investimentos produtivos, axudemos a colaborar, a paliar o emprego, en resumo, esta crise de tipo económico que está afectando ao contorno onde nos movemos.

E isto, Sras. e Sres. deputados é cousa de todos, dos dous grupos que conforman o goberno e do grupo da oposición, e como é cousa de todos, sigamos todos traballando no mesmo camiño, na mesma senda, para facer que a deputación sexa un organismo que colabore nesta crise económica. Polo tanto, solicito o voto favorable ao Grupo Popular para estas contas que creo que son ríxidas, austeras e que buscan os investimentos produtivos. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Bos días a todos e a todas. Despois da intervención absolutamente detallada e pormenorizada, e autenticamente didáctica do Sr. Lagares, ben puidese parecer que non procede ou non cabe xa ningunha outra valoración ou explicación. Non obstante, tamén desde o Grupo Provincial do BNG, e sen entrar xa tanto polo miúdo porque, insisto, consideramos que está explicado dabondo e con todo detalle cada un dos capítulos de ingresos e gastos deste orzamento, si, digo, consideramos que debemos facer tamén como parte integrante deste goberno provincial unha valoración, aínda que máis global, que deixe constancia de cal é a consideración e a valoración que nós mesmos como

grupo facemos destes orzamentos e para o cal estivemos traballando conxuntamente coa outra parte do goberno nestes últimos meses.

A estas alturas e despois de moitos meses termos oído moitos discursos por parte de todos os grupos políticos en calquera foro que, efectivamente, as administracións públicas debemos de contribuír a paliar, na medida das nosas posibilidades, o momento de crise actual e as circunstancias económicas que todos e todas vivimos. Pode, polo tanto, resultar un tópico que eu diga agora aquí que estes orzamentos veñen a responder precisamente a este momento e a estas circunstancias económicas de crise, pero non é ningún tópico porque, e quero destacar tres cuestións que si cumpren detalladamente tamén estes presupostos que presentamos hoxe. Tres cuestións que quero destacar e que se engloban baixo un epígrafe que eu salientaría chamando a estes presupostos, antes que ningunha outra cousa, coherentes precisamente co momento actual de crise e coas circunstancias económicas nas que estamos vivindo.

Todas as Administracións públicas, todos os discursos políticos oídos ultimamente falan de que as administracións debemos nos nosos presupostos incrementar a obra e o gasto público, fomentar, polo tanto, o emprego, e dar maior apoio ás políticas sociais. Ben, pois estas tres cuestións, e aí están as cifras, aí están as porcentaxes e a explicación que acaba de dar tamén o voceiro de Economía, corroboran que, efectivamente, os orzamentos provinciais para o 2009 incrementan a obra e o gasto público, dedican nada máis e nada menos que preto do 72% da totalidade do orzamento a investimentos e programas, nada máis e nada menos, insisto, que preto do 72%.

Por ende, fomentan tamén, como non podía ser doutra forma, polo menos iso pretenden, fomentan o emprego, e tamén queda demostrado que o apoio ao incremento nas políticas sociais é patente nestes orzamentos. Por certo, o maior apoio ás políticas sociais non é xa unha característica concreta deste orzamento, aínda que se acentúa nestes orzamentos, é unha característica que se vén poñendo de manifesto nesta institución provincial desde hai tempo pero que tamén se vén acentuando e se vén subliñando na última época, por dicilo dalgún xeito, é máis, o mes pasado aprobabamos aquí, neste mesmo Pleno, un expediente de modificación de créditos onde se facía e onde se poñía tamén o acento no incremento das políticas sociais, aprobando, por exemplo, un aumento no programa de envellecemento activo ou, por exemplo, aprobando un Plan de barreiras que inicialmente está dotado con 900.000 euros e que, evidentemente, no futuro, e dependendo da demanda que veña dos propios concellos poderase, dependendo das posibilidades que teñamos, ir incrementando.

Estas tres cuestións, como digo, teñen un só obxectivo fundamental que é, aínda máis que nunca, se acaso, é a colaboración e o apoio aos concellos. Falaba o Sr. Lagares da posibilidade ao longo do exercicio de colaborar cos concellos, hai que ver a maneira e a fórmula xurídica de colaborar cos concellos no gasto seu corrente. Evidentemente, esta tamén é unha posibilidade que se engloba dentro desa asistencia a concellos que xa se está prestando por parte da deputación e que, desde logo, inclúe esa

propia asistencia a concellos un apartado que é o Plan de obras e servizos, que é fundamental para os concellos e que é tamén un capítulo básico dentro dos orzamentos esta institución.

Hai, evidentemente, e aquí si entramos no tópico, como non podía ser doutra maneira, porque debemos de dar exemplo, aínda que isto, efectivamente, economicamente non incide no orzamento, pero evidentemente ten unha influencia mediática e unha influencia tamén exemplarizante, hai unha conxelación, insisto, como non podía ser doutra forma, das retribucións de todos e todas os deputados en consonancia tamén co que se vén dicindo desde todas as administracións e por parte de todos os grupos políticos, e hai o que para nós é unha cuestión fundamental, por non dicir a máis importante do orzamento, un incremento nos investimentos no seu conxunto pero nos investimentos no capítulo de vías provinciais, no capítulo de estradas provinciais, tanto no Plan VIP como no Plan de travesías, e tamén na propia conservación de estradas. Dedícase tamén, aquí vai incluído nos orzamentos, a segunda anualidade do Plan de cooperación cos concellos con dez millóns de euros, que todo o mundo neste Pleno cando se produciu a súa aprobación coincidiu en que era un plan que viría a favorecer a aqueles concellos máis pequenos e con máis dificultades económicas, sobre todo para cuestións que consideramos básicas e nas que aínda, por desgraza, en moitos concellos somos deficitarios, que son os servizos básicos de auga e de saneamento.

Ben, falaba de coherencia, que para min é a característica fundamental destes orzamentos, e non podo rematar a miña intervención en nome do Grupo Provincial do BNG sen recoñecer que, efectivamente, esa coherencia que para nós teñen, coherencia, volvo a insistir, co momento actual e coas circunstancias económicas actuais, que para nós teñen estes presupostos, hai aínda que alcanzalas, porén, na propia execución do orzamento. É certo que nos últimos tempos, ímonos a referir ao último orzamento, ao de 2008, non houbo quizais o grao de execución do orzamento que todos desexariamos, nunha parte importante non por responsabilidade desta propia Deputación provincial senón que, incluso como acabamos de ver nun punto anterior, que foi no da aprobación da primeira fase do Plan de iluminación de campos de herba artificial, temos que entender que hai moitos concellos, evidentemente, que o solicitan, pero non todos, por distintos motivos, remiten a documentación que se esixe. Ben, pois referíame, e refirome, á coherencia que aínda nos falta acadar respecto da execución do orzamento. Estanse dando pasos importantes, o Sr. Lagares anunciou tamén hai un momento outro paso máis que quere dar esta deputación que é pagar as subvencións aos concellos no momento da sinatura dos convenios e nese camiño estamos, entendendo que non é unha tarefa fácil e que non depende exclusivamente da responsabilidade do equipo de goberno desta institución.

Polo tanto, e para rematar xa, Sr. Presidente, destacar que os orzamentos provinciais que se presentan de cara ao ano 2009 teñen unha característica fundamental que é a súa coherencia cos momentos que todos e todas estamos vivindo e, derivado de aí, evidentemente, incrementan, queda demostrado cos números e con cada capítulo

concreto, incrementa a obra e o gasto público, fomenta, polo tanto, o emprego e apoia, increméntase tamén o apoio ás políticas sociais. Todo iso para que redunde basicamente na colaboración aínda con máis intensidade e no apoio aos concellos da provincia da Coruña neste caso. Moitas grazas.

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. Presidente. Aínda hai un mes modificabamos o orzamento de 2008, que o noso grupo votou a favor, pero si sinalou a escaseza de tempo útil para a execución dese orzamento modificado, 15 días hábiles do mes de decembro. Cando escoitei ao Sr. Lagares adiantarnos unha liña de traballo interesante, de non carácter finalista do POS, éntame a reflexión de se non fose mellor tal vez que ese traballo empregado, ese esforzo realizado para o contido da modificación do mes pasado, debería estar dirixido a que esas cuestións puidesen xa ter plasmación orzamentaria neste documento. Pero volveremos sobre estes conceptos ao longo do debate, que é certo que aínda están publicados no Boletín Oficial a modificación orzamentaria do mes de outubro, asistimos ao debate de orzamentos do 2009.

E, desde logo, se en alguén hai que personificar o espírito de traballo é no Sr. Lagares. E, desde logo, no excepcional persoal que conforma a Sección de Presupostos e Estudos Económicos, así como o conxunto de funcionarios do resto de servizos que directamente participan na elaboración do documento orzamentario. Grazas polo seu eficaz traballo, moitas grazas.

Imos a moita velocidade, as datas deunas o Sr. Lagares. O xoves 20 entregóusenos un primeiro documento de ingresos e gastos, o 25 ditaminamos na Comisión coa abstención do noso Grupo Popular este documento orzamentario. Pero curiosamente, a pesar da velocidade, detectamos unha gran minuciosidade. O Sr. Lagares descendeu neste Orzamento a partidas de 1.000 euros, e non lles podó ocultar que con maior velocidade con que foi elaborado, e sen tanta minuciosidade, foi analizado o documento orzamentario polo Grupo Popular e, desde logo, foi feito cun sentido de cooperación leal coa boa marcha da institución provincial.

Esa excesiva velocidade, esa inevitable falta de minuciosidade, viuse suplida por dúas pistas moi importantes que tiña o noso grupo. En primeiro lugar, polo contido que xa nos anticipaba o Sr. Lagares no debate do Pleno pasado, da modificación do orzamento aínda vixente, austeridade no gasto, prioridade nos investimentos. E como segunda pista, a que cremos moi importante, circular do presidente da deputación do 13 de novembro de 2008, dirixida aos alcaldes da provincia que, ao noso entender, sinalaba os eixes sobre os que se artellaría o orzamento que hoxe debatemos e moi particularmente en dous puntos del, levar adiante un plan de austeridade encamiñado a reducir gastos correntes provinciais ao mínimo imprescindible para dedicar todos os recursos posibles ao financiamento de investimentos produtivos e aos servizos públicos esenciais, e dous: priorizar os investimentos, transferencias e subvencións dirixidas aos concellos para garantir o financiamento dos servizos públicos municipais, cuestións, Sr.

Presidente, señorías, sobre as que estamos de acordo, como de acordo estamos coas decisións tomadas que garanten o carácter prepagable dos convenios e das subvencións. Porque, se a política é dar resposta a unha tripla pregunta, que é o que hai que facer, como hai que facelo e quen teñen que facelo, o noso grupo contaba con esas manifestacións de vontade, con eses compromisos escritos do presidente que nos serviron de modelo para comprobar en que medida existe un acordo entre o Grupo Popular e o equipo de goberno no que hai que facer, e en verificar se realmente o que se enunciaba como que había que facer, tiña a suficiente plasmación orzamentaria neste documento. E para iso debiamos ter presente, como o tivo o goberno, o actual escenario económico-financeiro e a crise certa das facendas locais, así como tamén os recursos e as potencialidades da nosa deputación, que sen deixar de atender aos seus servizos e políticas públicas esenciais, puidesen implementar eses recursos e potencialidades para senón paliar, si polo menos aliviar a grave situación económica que padecen moitos dos nosos concellos.

E dito o anterior, sen pretender confundir este debate de orzamentos co de financiamento dos concellos, incluíndo á deputación, como facenda local que é, nin tampouco convertindo este salón de Plenos en ningunha cámara con competencia nesta materia, si, na medida que a Deputación da Coruña pode eficazmente contribuír a aliviar esta gravísima crise económico-financeira, que asfixia aos concellos e ser, como se dixo aquí polos dous voceiros do equipo de goberno, dignamente o concello dos concellos.

Pois antes de iniciar o estudo dos distintos documentos que conforman o orzamento, o Grupo Popular, polos antecedentes expostos, intuíamos que nos atoparíamos cuns presupostos que tivesen estas características, que cumprisen, como é tradición nesta institución, coa máis pura ortodoxia económica-financeira en materia orzamentaria. E así puidemos constatar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, cun aforro bruto estimado de 75.670.431 euros, que representa un incremento de 10.892.716 euros con respecto ao 2008 e unha taxa de variación de +16,82.

En segundo lugar, os gastos non financeiros, por importe de 188 millóns, aténdense integramente con ingresos da mesma natureza non financeira, non sendo necesario apelar ao crédito para realizar tales gastos, lográndose un superávit financeiro de 4.271.234 euros. Díxose aquí, o recurso ao crédito é o máis pequeno nos últimos doce anos, con 7.900.000 euros, e o exercicio onde máis débeda se amortiza. E, por último, a carga financeira do 10,53 é a segunda máis baixa nos últimos quince anos.

En segundo lugar, que por cumprir desde anos con esa ortodoxia orzamentaria, non temos ningunha dúbida, díxoo o Sr. voceiro do Grupo Socialista, a Deputación provincial goza a día de hoxe dunha boa saúde financeira para contribuír a estas políticas que enunciaba o presidente na súa circular e que, ao noso entender, transversalmente están presentes neste documento orzamentario.

Pois ben, estudado o orzamento desde estas vertentes, existe unha coincidencia no que hai que facer, é máis, difire moi pouco do camiño que tomaría o Grupo Popular diante da responsabilidade de gobernar esta institución. O mesmo camiño, polo menos con carácter estrutural, iso si, permítannos dicir que pisaríamos tal vez máis o acelerador e acadado outros niveis de execución orzamentaria. Pero, por que o mesmo camiño? Porque partimos dun escenario de ingresos da deputación que se incrementa, e que deixando a un lado o IPC, tal como nos dixo o Sr. Lagares, non diminúe, e increméntase, non porque aumente o nivel de endebedamento, que podía terse incrementado, 14 puntos quedaban para acadar o 25, senón fundamentalmente porque se incrementan os ingresos por transferencias correntes do Estado, porque a pesar do escenario de crise, a gran fonte de ingresos da deputación, os ingresos por transferencias correntes increméntanse con relación ao exercicio de 2008. É dicir, sen dúbida que hai un innegable escenario de crise, pero esta, hoxe afecta de xeito moi distinta á deputación que aos concellos cuxa autonomía financeira proveniente do imposto de construcións, instalacións e obras, ou do IBI, ou demais, atópanse na práctica conxelado. É un escenario de crise que pola participación nos tributos do Estado de ambas Administracións locais, mostrará o seu peor rostro en 2010, pero neste orzamento increméntase de 125 millóns de euros a unhas xustificadas previsións de 133 millóns do total de ingresos, é dicir, contribúen a un 66% do total dos ingresos. E aquí, ao noso entender, produciuse unha actuación coincidente coa que adoptaría o Grupo Popular, e responsable, moi responsable, por parte do equipo de goberno, xa que habendo tal incremento, porén formuláronse implicitamente un auténtico plan de axustamento no capítulo II do orzamento. Non sabemos se se cumprirá, non sabemos se haberá que suplementar as partidas, pero en orde de vontade política vai significar, significa unha redución de preto dun millón e medio de euros, e tamén conta con todo o noso apoio a conxelación de soldos de deputados e deputadas con dedicación exclusiva, así como as percepcións de asistencia a Plenos e Comisións do resto de deputados.

Polo tanto, ortodoxia orzamentaria, plan de axustamento, pero si gustárame deixar rapidamente sinalado, aínda que o escenario é distinto que o do ano anterior onde denunciabamos, no debate que por aquel entón se vivía sobre a supramunicipalidade en Galicia e o papel das deputacións, que non nos gustaba ver a liña que tomaban os acontecementos da exclusión da deputación do Fondo Galego de Cooperación Local, reiteramos que nun escenario no que xa non se están debatendo o carácter supramunicipal, a pesar da defensa que o presidente sempre fixo del, poñemos a énfase en que seguimos á marxe do Fondo Galego de Cooperación Local, incumpríndose o artigo 142 da Constitución española.

Pero cando reivindicamos este ano, e máis para o próximo exercicio, que ten que facerse efectiva e real a participación das deputacións no Fondo Galego de Cooperación Local, é precisamente en cumprimento deste artigo 142 e porque realmente dotaríamos de maiores ingresos ás deputacións para que poidan seguir contribuíndo a paliar as graves crises das facendas locais no escenario de 2010.



Pero se xusto é sinalar e reiterar este aspecto, esta nova e reiterada exclusión das deputacións do Fondo Galego de Cooperación Local, tamén debemos destacar que apreciamos un cambio de rumbo, non cuantitativo, pero si polo menos cualitativo, con relación ás transferencias previsibles da Xunta de Galicia á Deputación no ano 2009. Este ano estas transferencias ascenden a 1.522.097 euros, representando un incremento de 200.665 euros con relación ao orzamento de 2008. Debían de ser máis, pero polo menos corrixiuse a tendencia que o noso grupo denunciou o pasado exercicio de diminución con relación a 2007.

Tal vez obedeza máis a que sexa o 2009 un ano electoral, oxalá que non sexa así e que responda a unha lenta pero efectiva plasmación de que a Xunta de Galicia aposta por transferir recursos económicos ás deputacións, e non como denunciáramos o pasado exercicio, que se incrementaban as transferencias da Deputación á Xunta de Galicia.

O ano pasado, en concreto, transferimos á Xunta de Galicia 1.045.000 euros, mentres que neste exercicio se reduce a 371.000 euros, ese é o camiño e esas son as coincidencias no que hai que facer.

Ata o momento podemos concluír que existe un incremento dos ingresos do Estado, que se reduce o gasto corrente do capítulo 2 nun millón e medio de euros, que se mantén o mesmo nivel de recurso ao crédito, 100.000 euros menos, para financiar integramente o POS, entón a pregunta é se hai maiores ingresos e redución de gasto corrente, quen se beneficia desta conxelación do capítulo II e destes maiores ingresos?, e perante esta pregunta que é moi importante no que se refire a credibilidade ou non dos eixes con que o equipo de goberno anunciaba a elaboración do orzamento do 2009, hai que constatar dous feitos ao noso entender moi importantes.

No ano 2008 as transferencias correntes aos concellos acadaron a cifra de 10.781.452 euros e este ano rexistran un incremento dun 15%, aumentan en 1.554.000, ata acadar 12.336.440 euros. E en segundo lugar, as transferencias de capital aos concellos incrementáanse nun 46%, en 13.341.396 euros, pasando de 29.000.000 en 2008 a 40.831.000 no ano 2009. Son 53.000.000 de euros as transferencias correntes e de capital aos concellos en 2009 fronte aos 39.826.000 de 2008, e este dato resulta elocuente por si mesmo, e é moi positivo, e sen dúbida, confire credibilidade aos compromisos anunciados polo presidente.

E dito o anterior, a xuízo do noso grupo, cremos que chegou o momento de acadar un gran acordo entre os tres grupos políticos da deputación, porque as subvencións, que son unha das partes que conforman estas transferencias aos concellos en materia, por exemplo, de deportes, de cultura ou de promoción económica, fosen asignadas aos concellos seguindo un modelo POS. Nós cremos que deben de existir uns criterios baremados como a cota, o esforzo fiscal, parroquias, poboación e superficie e que sobre esa baremación a concesión desas subvencións se realiza automaticamente con absoluta obxectividade, sen marxe á discrecionalidade. Avanzar nesa liña

representa un exemplo de obxectivización nas decisións, unha maior seguridade económica na contía a percibir polos concellos, e unha atribución da maioría de idade aos mesmos concellos.

Dentro das achegas que ambos voceiros recoñeceron ao noso grupo formulamos esta proposta que acabamos de enunciar, e esperamos que podamos traballar ao longo do próximo exercicio en consideración desta, como efectivamente o teñen sido outras propostas.

E xa finalizando, e sen querer, estamos no capítulo das transferencias e dos investimentos produtivos. A deputación presuposta un alto nivel de investimentos en infraestruturas e en equipamentos que, sen dúbida, veñen contribuíndo a un innegable reequilibrio territorial provincial e a un incremento do benestar social dos seus cidadáns. E, polo tanto, non dubidamos nin na lóxica da súa plasmación, nin á súa contribución para facer da provincia da Coruña unha provincia competitiva, espacialmente con capacidade para traer investimentos produtivos, creadores de riqueza e de emprego. E tampouco dubidamos das súas prioridades na súa inclusión orzamentaria. Por iso, ambos grupos, goberno e oposición, propuxemos conxuntamente novos investimentos que figuran nos orzamentos e dos que a Sra. Pérez e o Sr. Lagares nos estiveron exhaustivamente falando, o Plan de parques infantís, de cooperación aos concellos, de eficiencia e aforro enerxético, o Plan PEACE de modernización, o dolmen, xunto aos que xa son referencia institucional neste capítulo da rede viaria, o Plan de vías, o Plan de travesías ou o POS.

E está claro que son investimentos produtivos, pero cremos que tamén o noso grupo desexa formular un plantexamento de autoesixencia para os propios concellos e para a propia deputación, no que se refire a facilitar os propios niveis de execución orzamentaria, porque para que o investimento sexa produtivo ten que materializarse. E por poñer un exemplo, se neste 2008 o orzamento para a conservación de vías provinciais e o propio Plan de vías provinciais acadaron unha cantidade que ascendía aos once millóns e medio, veremos cando liquidemos o orzamento en que porcentaxes de execución se atopan ambos plans, porque é aí, estando pendentes da liquidación do orzamento do 2008 onde nos permitiría coñecer realmente esa autoesixencia, tanto nos propios concellos para cumprir con eficacia os requirimentos de documentación, como a propia organización da deputación, porque hai algo que quen sentimos curiosidade polo dereito público sabemos, e é que moitas veces as propias Administracións públicas poden servir, e de feito serven, para unha despersonalización de responsabilidades. E nesta materia, sendo certos os argumentos empregados para xustificar nalgúns programas os reducidos niveis de execución orzamentaria, que tales argumentos non cheguen nunca a converterse en tópicos e que, polo contrario, deban ser sometidos a unha criba lóxica, debendo progresar nunha materia que permitiría unha maior lexitimación da función institucional e social da deputación e que contribuiría, entón si, efectivamente, a facer produtivos en termos de riqueza e emprego eses investimentos en infraestruturas.

Chegados a este punto do debate do orzamento preventivo, que estou terminando, o Grupo Popular aventura unha liquidación do orzamento de 2008 que podería permitir aprobar unha primeira modificación orzamentaria en marzo de 2009, que incluíse, xa que fixo mención o Sr. Lagares, ao fondo de onte que a Galicia lle corresponderan, segundo a FEGAMP, 450 millóns, que incluíse un fondo extraordinario provincial. Cremos que temos recursos suficientes para tal fondo e que, polo menos, del puidesen saír dous programas moi importantes que permitisen, reiterando un dos eixes da circular do presidente, priorizar os investimentos, transferencias, subvencións, dirixidas aos concellos para garantir o financiamento dos servizos públicos municipais. Entón, entendemos, que sen que teña carácter finalista, e estando de acordo coa primeira afirmación que fixen, un dos primeiros plans que estarían dentro deste fondo sería o plan de mantemento de servizos públicos esenciais, gastos do capítulo II, e o segundo orientado a investimentos, un POS sen participación do MAP e do FEDER, en que financiado con recursos da deputación e dos concellos, coas mesmas porcentaxes que o POS, o Plan de investimentos prioritarios.

Créanos, Sr. Presidente, que vale a pena realizar o esforzo, poñer en marcha este programa e poder axudar decisivamente aos concellos na actual situación de crise en que se atopan as facendas locais.

Plan de mantemento de servizos públicos esenciais e Plan de investimentos prioritarios. Brindámonos a traballar nestas propostas desde o convencemento de que contribuirán eficazmente a cubrir este grave déficit que presentan as facendas locais.

No ano 2008 a deputación concorreu aos fondos FEDER cun conxunto de programas fundados no noso Plan estratéxico, contemplando o orzamento uns ingresos de 20 millóns. Obtivemos financiamento para un deles, a recuperación do Mandeo, e como se dixo aquí, dese contido do Plan estratéxico, estanos servindo para obter recursos europeos en materia de aforro enerxético e enerxías renovables. Sr. Presidente, son materias para nós prioritarias, e das que maior execución orzamentaria esperamos que deban acadar no ano 2009.

Vou terminar cunha dobre reflexión, a primeira garda relación cunha situación que, ao noso entender, denota un certo inmovilismo no mantemento da titularidade de determinadas instalacións de titularidade provincial, como o Puga Ramón, Calvo Sotelo, Fogar Infantil de Ferrol, Fogar Infantil Emilio Romay. A cuestión, Sr. Presidente, é se debemos manter a titularidade destas instalacións ou deben de ser transmitidas á Comunidade Autónoma. Cabe iniciar, como no seu día se fixo cos centros hospitalarios as transferencias e contribuír, con iso, a un aforro en gastos de conservación e mantemento destes centro, ou non? O que si consideramos é que debe de existir unha política clara neste sentido, e non lle ocultamos a nosa posición ao respecto.

O mesmo cabería precisar, se mo permite, do Polígono Industrial de Sabón, creo que estamos obrigados a orzar un investimento que poña ao día o actual estado do

Polígono e que, posteriormente, procedamos á súa cesión ao Concello de Arteixo. Manter este *statu quo* vai en contra da estrutura dinámica da realidade.

E, por último, Sr. Presidente, coincidimos con vostede no fomento dos consorcios como modelo organizativo que garante unha maior eficiencia na prestación dos servizos públicos. Hoxe, no final dunha lexislatura no Parlamento de Galicia, o transporte metropolitano supónlles aos concellos que integran as súas áreas de Ferrol, Santiago e A Coruña un elevadísimo custo. Para facernos unha idea, eu que son concelleiro de Culleredo, para Culleredo terá que pagar en torno a 210.000 euros no 2009 polo actual sistema de cofinanciamento do transporte metropolitano, que é moitísimo diñeiro, e hai razóns suficientes para que a deputación poida contemplar esta situación, gravosa para os concellos, como susceptible de ser subvencionada. Desde o Grupo Popular cremos que deben ser subvencionados unha alta porcentaxe, un 30% deste elevado custo do transporte metropolitano, que afecta a todos os municipios integrados nas áreas metropolitanas nel.

Remato, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Dentro desta institución vostedes son predicibles nas súas actuacións e en materia orzamentaria na Deputación da Coruña son de fiar. Posicionámonos diante do contido do orzamento recoñecendo a súa solidez e a súa ortodoxia financeira, afirmando a coincidencia existente sobre o que hai que facer no actual escenario de crise. Valoramos de forma coherente a concreción do que hai que facer e demandamos unha maior presión política diante da Xunta de Galicia, estea gobernada por quen estea gobernada, para acadar a impulsión da nosa institución no Fondo Galego de Cooperación Local. E xunto a esa posición, suxerimos superar un certo inmovilismo en actuacións orientadas a transferir centros e polígonos á Xunta e ao Concello da súa situación, propuxemos aplicar un sistema de baremación ás subvencións, tras recoñecer o incremento das partidas de transferencias correntes e de capital aos concellos, pedimos unha autoesixencia na mellora da execución orzamentaria, expuxemos, de cara ao primeiro modificado de crédito, crear un fondo extraordinario provincial que incorpore dous programas que non teñan carácter finalista, o Plan de mantemento de servizos públicos esenciais e o Plan de investimentos prioritarios, e cremos que coa nosa abstención deixamos aberta a porta a un traballo en común de cara ao modificado que incorpore os remanentes de tesourería para poder ver plasmadas algunhas das nosas propostas sobre as que tamén presumimos que existe unha coincidencia por parte do equipo de goberno.

Nese desexo de cooperar, de lograr unha provincia máis cohesionada socialmente e máis competitiva economicamente atoparémonos no mesmo camiño. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente. Quero agradecer en primeiro lugar as palabras da compañeira de goberno, en representación do Bloque Nacionalista Galego, é evidente que coincidimos nos aspectos que ela expuxo, que houbo un traballo conxunto, que

houbo un traballo de moita comunicación, e con respecto á intervención do Sr. Gorostizu, como non, agradecerlle tamén e dicirlle que isto é cousa de todos, non dunha persoa, isto é un equipo onde participan os tres grupos que compoñen a cámara, coas súas achegas tamén do Grupo Popular, do grupo do BNG e do Grupo Socialista, e que os funcionarios, como xa salientei na miña primeira intervención, fixeron un traballo que considero importante.

Seguindo co mesmo discurso, e dicindo que é cousa de todos, é evidente que as ofertas que lle fixo, tanto o presidente da deputación a través das súas declaracións, ou da súa comunicación recente aos distintos alcaldes, creo que hai que tomar este tema e hai que tratar de solucionalo, e iso require sentarse a traballar. Sentarse a traballar porque vostede falaba que posiblemente este ano xa non se podía facer o cambio do POS porque estaban as circulares mandadas desde o mes de xullo-agosto, que é cando se lle remiten aos concellos, e a finalidade son os investimentos, pero hai que tratar, sen dúbida, de buscar que sexa un financiamento libre, que non sexa finalista, que os concellos sabemos todos os problemas que temos, que moitas veces non son de investimentos, senón que o investimento de hoxe que ocasiona gasto corrente, mañá é ao que tamén hai que dirixir moitas das economías.

Coincido con vostede, non podía ser menos, en que a boa saúde económica, a través da carga financeira e en que a crise vai afectar sobre todo aos concellos, de aí que teñamos que ser moi sensibles perante esta situación, como indicaba no inicio da miña primeira intervención, os concellos vanse ver afectados polo ICIO, pola construción, que se rebaixa, polo IBI, polas plusvalías e por outros conceptos que, indubidablemente, son unha base firme e forte dos concellos coas transferencias do Estado, que representan practicamente o 90%. Polo tanto, esta problemática dos concellos haberá que afrontala con rigorosidade e con realismo, pero haberá que sentarse a falar e haberá que sentarse a traballar.

Imos, indubidablemente, no mesmo camiño, e vexo que, eu non me referín na miña primeira intervención, aínda que o tiña no meu guión, que a Xunta de Galicia non está cumprindo o artigo 142 da Constitución española, que di que as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. Polo tanto, serve isto para facer unha demanda, como así o fixo o presidente na súa intervención recente no Parlamento de Galicia para explicar os orzamentos deste ano. Tamén son entes locais as deputacións, os cabidos ou os consellos insulares, os cabidos e os consellos en Canarias e nas Illas Baleares.

Vexo tamén con atención o que se refire ás achegas da Xunta e as achegas que nós lle trasladamos á Xunta, e claro, indubidablemente, ao liberar o capítulo II dun millón e medio de euros longo, isto significa que van a investimentos produtivos ou a transferencias correntes e de capital aos concellos, o que supón que se está, como dicía, no mesmo camiño, na mesma vía.

Non me vou estender máis, si creo que hai que chegar a un gran acordo entre os tres grupos con relación a un futuro, a un hipotético Plan dese remanente de Tesourería unha vez que se liquide o orzamento, e dicirle que se os niveis de execución orzamentaria non son os que nos gustaría a este equipo de goberno, moitas veces non é culpa nosa, algunhas veces si, temos que mellorar a comunicación cos concellos, temos que mellorar que os distintos fondos provinciais que se debatan non teñan carácter finalista, este ano co POS non puido ser, haberá que buscar unhas fórmulas cos servizos económicos da deputación e darlle logo a resposta política a todos os cidadáns da provincia.

E con respecto ao que falaba da negociación, do inmovilismo, con respecto aos centros educativos e os centros sociais, é evidente que esta deputación é partidaria, e refírome a todos os grupos, de que cada entidade teña as súas competencias e as economías correspondentes, a competencia en materia educativa ou en materia de servizos sociais fundamentalmente está na Xunta de Galicia.

E tamén agradecerlle a valoración que fai dos consorcios, dos consorcios de bombeiros que afectan a dez parques que temos en funcionamento, máis un de próxima construción no Concello de Ames, e que se acaba de lograr algo importante, e é que vaiamos ao 50% a Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia e coa Deputación provincial. Como saben antes era o 60% nós, porque suplíamos o 10% de investimentos dos concellos.

Para rematar xa, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, eu lamento que o Grupo Popular non se una co seu voto afirmativo, pero agradézolle a súa intervención, indubidablemente, construtiva.

E termino dicindo que este orzamento realista, austero, rigoroso e que busca os investimentos produtivos, se xestione o máis amplamente posible en beneficio dos cidadáns da provincia e das circunstancias económicas nas que nos atopamos. Moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lagares. Antes de someter a votación, gustaríame tamén facer algunhas reflexións.

A primeira dirixida a vostede, Sr. Lagares. Cando o Sr. Gorostizu o felicita, non é unha felicitación gratuíta, creo que o merece, fixo un magnífico labor e fixo un magnífico labor, e así o felicitei publicamente, o ano pasado. Estamos traballando desde xullo para facer posibles estes orzamentos, e houbo un traballo serio e rigoroso, non de Antonio Lagares, senón de Antonio Lagares e dos seus colaboradores e, fundamentalmente, dos funcionarios, e como nunca nos agradecen nada cando facemos as cousas ben, pero nolo reprochan cando facemos mal as cousas, sería bo cambiar un pouquiño esta forma de actuar, e cando unha persoa fai unha cousa ben, recoñecelo, e

dicilo.

E quero darlle tamén as grazas ao Sr. Gorostizu e ao Grupo Popular. Eu creo que hai aquí algunha Sra. deputada ou algún Sr. deputado que nos mira na súa condición de concelleiras con envexa do que está pasando na deputación. E está pasando algo que eu sempre defendín e que foi sempre o meu estilo de goberno, creo que a oposición ten a súa misión de colaborar e votar que si co goberno, cando o goberno expón cousas que son sensatas e razoables, e criticar e propoñer alternativas cando, ao seu xuízo, o goberno non expón cousas nin sensatas, nin razoables. Pero o goberno tamén ten a obriga de falar e dialogar coa oposición, e cando a oposición propón cousas que son sensatas e razoables, temos que incluílas e incorporalas e facelas nosas, e facelas de todos. Sempre defendín o consenso, sempre defendín o diálogo, e creo que esa é a forma de actuar nas corporacións locais, que é fácil. Tamén na campaña electoral enfrontámonos, cada un defende as súas formulacións e os cidadáns elixen.

E quería dicir algunha cousa máis que quizais o Sr. Lagares, pola présa do tempo, deixou no tinteiro. Nestas bases de execución hai novidades, á parte da novidade do carácter prepagable das subvencións aos concellos, de tal forma que no momento no que se firme o convenio recibirán o importe, hai modificacións no carácter do pagamento ás entidades e familias sen ánimo de lucro. Agora non terán que xustificar as subvencións presentando as facturas, cunha certificación de gastos será suficiente para que se paguen esas facturas, e isto vai permitir ter un maior rigor na execución e tamén unha maior axilidade no pagamento. Para iso fixemos antes cousas previas, demos, como vostedes saben, un curso de contabilidade a máis de 2.000 entidades, a todas as que quixeron en varios municipios da provincia, démoslles un curso dunha contabilidade básica para que saiban levar unha contabilidade, porque é obrigatorio, facilitámoslles unha aplicación contable para que leven unha mínima contabilidade, e iso vai permitir que hoxe podamos pagar cunha certificación do secretario dicindo, isto é a relación de gastos e o xustificante desta subvención. Indubidablemente, despois haberá unha auditoría, porque é un diñeiro público, ten que estar controlado e fiscalizado, haberá unha auditoría por mostraxe e ao que lle toque será auditado, pero teñen a información e a formación necesaria para levar ben a asociación, teñen a facilidade de non presentar facturas, presentar o certificado de gastos, e iso vale como factura, e claro, ten a obriga a deputación de comprobar e de inspeccionar e de auditar esas contas.

Pero hai máis, nos próximos plans que aprobe a deputación imos poñer unha cláusula nova nas bases, imos propoñer que o 70%, o 75% do importe da cantidade sexa pagada pola deputación no momento en que o concello certifique que se adxudicou a obra, para que?, para que o concello non teña problemas de liquidez, e o outro 30%, 25%, se pague coa certificación final de obra.

Temos músculo financeiro, e temos unha gran solvencia financeira, pero non é para presumir, é para utilizar en momentos en que haxa que utilizala. Vostedes saben

que a política económica é unha política anticíclica, en épocas de bonanza hai que reforzar a solvencia, reforzar a fortaleza financeira da entidade e en épocas de crise utilizar esa fortaleza para inxectar diñeiro no sistema. Pois ben, temos unha fortaleza e témola que utilizar, e ímola utilizar ao longo do próximo exercicio coa primeira modificación de créditos que fagamos, en dúas direccións: primeiro para facer un plan, como dicía o Sr. Lagares, incondicional para que os concellos poidan financiar gasto corrente, anuncieino hai dous días na rolda de prensa que, tanto o vicepresidente como o presidente da Comisión de Economía e Facenda e eu demos para subvencionar gasto corrente de servizos públicos municipais esenciais, non gasto corrente para outras cousas, para pagar a iluminación pública, para facer fronte a iso. E imos tamén, díxenlles aos servizos económicos que me estudasen a posibilidade, non podo concretar porque non hai aínda nada, pero esa é a idea, de que aproveitando a solvencia e a liquidez e o nivel de Tesourería que ten a deputación poder, ou ben avalar créditos municipais ou ben subsidiar algún tipo de xuro que pagan os concellos por eses créditos, por que? porque sabemos que os concellos teñen unha limitación legal para endebedarse e hai concellos nesta provincia que están pedindo diñeiro aos bancos para pagar nóminas, e hai concellos que están moi mal, e non teñen capacidade para pedir créditos e non podemos permitir que un concello deixe de facer unha obra que ten unha subvención de calquera Administración pública porque non teña capacidade para pedir un crédito. Non sei a fórmula, din instrucións para que se estude, cando teñamos a fórmula discutíremola entre todos e faremola de común acordo, para que subvencionemos ou avalemos os tipos de xuro.

Estes orzamentos, como dicía o Sr. Lagares, están pensados nun contexto de crise, crise económica global, por desgraza non é algo que nos ocorra a España, ocorre en todo o mundo, nos países desenvolvidos e nos países emerxentes. E é certo que os concellos van ver decaer os seus ingresos por unha menor actividade, a actividade inmobiliaria, que explicou o Sr. Lagares, e é certo que o ano 2010 o van pasar mal, o van pasar mal porque ao decaer a actividade económica, a recadación por impostos diminúe, e as transferencias, a participación nos tributos do Estado, indubidablemente vai diminuír. Se a deputación ten algunha razón de existir é para axudar aos concellos, é a única razón de existir. E nos lexitimamos nesa axuda e nese soporte aos concellos, e temos unha fortaleza financeira, quizais é difícil atopar unha Administración pública que teña a solvencia e o músculo financeiro que ten esta deputación, e isto vén por un rigor orzamentario, non de agora, de moitos anos, porque esta deputación sempre foi diferente ás outras deputacións, e ese músculo que temos témolo que utilizar para apoiar aos concellos cando teñen momentos de debilidade e de crise, e iso imos facer.

E a min gustárame recoller a oferta do grupo da oposición e facelo en común, se é posible. Porque buscar o consenso non é unha debilidade, buscar o consenso é unha fortaleza e é unha responsabilidade, e se o podemos facer todos de común acordo, oxalá vaiamos todos de común acordo. Moitas grazas pola súa intervención, moitas grazas pola abstención, grazas aos grupos que forman o goberno polo voto favorable e, Sr. Lagares, fixo un bo traballo.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2009, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procede:

**1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2009 por importe de 201.406.100,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:**

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

#### **A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

##### **1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

,00	CAPÍTULO I	Impostos directos	17.162.180
,00	CAPÍTULO II	Impostos indirectos	12.638.220
,00	CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	7.453.911
,00	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	133.102.078
,00	CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	11.159.320
,00	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>181.515.709</b>

##### **2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

,00	CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0
,00	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	11.260.391
,00	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>11.260.391</b>

##### **3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS**

,00	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000
,00	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	7.900.000

	<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>8.630.000</b>
<b>,00</b>		
	<b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>	<b>201.406.100</b>
<b>,00</b>		

## **B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

### **1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

	CAPÍTULO I	Gastos de persoal	36.653.799
,00			
	CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	35.197.546
,00			
	CAPÍTULO III	Gastos financeiros	5.258.144
,00			
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	28.735.789
,00			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>105.845.278</b>
<b>,00</b>			

### **2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

	CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	35.067.588
,00			
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	47.592.000
,00			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>82.659.588</b>
<b>,00</b>			

### **3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS**

	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	1.201.720
,00			
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	11.699.514
,00			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>12.901.234</b>
<b>,00</b>			

	<b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>	<b>201.406.100</b>
<b>,00</b>		

### **CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos de carácter xeral	
20.387.435,00		
2	Protección civil e seguridade cidadá	
6.282.413,00		
3	Seguridade, protección e promoción social	
24.046.410,00		
4	Produción de bens públicos de carácter social	
43.554.344,00		
5	Produción de bens públicos de carácter económico	
42.044.526,00		
6	Regulación económica de carácter xeral	
14.490.278,00		
7	Regulación económica de sectores produtivos	
9.997.974,00		
9	Transferencias a Administracións públicas	
23.700.000,00		
0	Débeda pública	
16.902.720,00		
	<b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>	
<b>201.406.100,00</b>		

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentasen reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

## **26.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO ANO 2009.**

### INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras.e Sres. deputados. O Grupo Provincial Popular vaise abster neste punto número 26 de aprobación do cadro de persoal porque, como ben dixo vostede, faltou un pouco de falta de diálogo para que désemos o voto positivo. Este tema foi xestionado polo grupo de goberno e a verdade é que non fomos consultados. Así mesmo, nós apoiamos os acordos da Xunta de Persoal que foron tomados ultimamente e neste momento nada máis. Damos a nosa abstención a este punto número 26.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

### ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

**”1.- Aprobar as modificacións seguintes:**

**Servizo de Fomento:**

- Transformación dunha praza e posto de “técnico de normalización lingüística”(A1)22, en “técnico coordinador de normalización lingüística”.(A1)24, e un complemento específico correspondente a un posto base de nivel 24.
- Creación dunha praza e posto de administrativo de administración xeral (C1,19)

**Secretaría particular de Presidencia e RRPP:**

- Transformación dunha praza e posto de “encargado de protocolo (C1)21, nunha praza e posto de “técnico de protocolo”(A2/C1),22, AG/AE cuxo modo de provisión será o concurso-oposición por promoción interna .
- Modificar o nivel de complemento de destino dos postos de Secretaría de Presidencia e Secretaría de Vicepresidencia ao 22, e grupo de adscrición A2/C1, equiparando as retribucións aos de xefatura de negociado con especial dedicación.

**Planificación e xestión de RRHH:**

- Transformar o posto de “xefatura de grupo”(C1),21 en “xefatura de negociado” (A2/C1),22

**Patrimonio e Contratación :**

- Adscribir desde o Servizo de Contabilidade unha praza e posto de “auxiliar de administración xeral”. (C2),16
- Amortizar unha praza e posto de operario agrícola (peón), (V.9) declarada “en extinción”

**Servizo de Asistencia Técnica a Municipios:**

- Modificar o nivel do complemento de destino do posto de arquitecto do 22 ao 24, e equiparar o complemento específico ao dun posto base de nivel 24.

**Servizo de Enxeñería e Mantemento:**

Adscribir ao Servizo de Enxeñería e Mantemento as prazas postos de “enxeñeiro técnico agrícola”, “operario agrícola” e “operario agrícola (peón)”.

**Tesourería:**

Modificar o nivel de complemento de destino do posto de secretaria ao 22, grupo de adscrición A2/C1, equiparando as retribucións ás de xefatura de negociado.

**Estrutura e órganos de goberno:**

Amortizar as 9 prazas e postos de Secretarías de presidentes de Comisións Informativas e asimilados.

**Servizo de Vías e Obras:**

Amortizar o posto de “xefe de Servizo de Vías e Obras” e a praza de enxeñeiro e cambiar a denominación do Servizo de Infraestruturas e Conservación polo de Vías e Obras.

**Xefaturas de Servizo:**

Unificar as escalas das Xefaturas de Servizo en AX/AE indistintamente.

**Recadación:**

Establecer como modo de provisión para a xefatura de servizo, a libre designación.

**Imprenta :**

- Transformar unha praza e posto de “oficial de imprenta F.P.(III.3), nunha praza e posto de “operario auxiliar de almacén”(IV.6)

**Servizo de Xestión Tributaria:**

- Transformar un posto e praza de “auxiliar de administración xeral C2/16 en “administrativo de administración xeral”(C1/16).

**2.- Definir as funcións dos seguintes postos de traballo:****Técnico coordinador de Normalización Lingüística:**

Planificación, organización e coordinación dos traballos da unidade técnica de N.L.

Xestión da lingua galega

Xestión de corrección da lingua

Asesoramento en política lingüística

Xestión administrativa de expedientes de axudas e convenios

Colaboración na garantía dos dereitos lingüísticos

Difusión de material que contribúa á tarefa normalizadora,

**Xefatura de Negociado de RRHH:**

- Iniciación, xestión e tramitación de expedientes relativos ás áreas de: Seguridade Social (afiliación, cotización, pagamentos, conciliación de contas, tramitación de Its e comunicacións para control horario, accidentes de traballo, maternidade, paternidade, xubilación, invalidez ...)

- Iniciación, xestión e tramitación de expedientes de MUFACE e asistencia sanitaria

- Información e asesoramento de temas relacionados co Servizo.

3.- **Asignar** aos postos de traballo que se sinalan o complemento específico que figura a seguir, recoñecendo efectos retroactivos a 1/1/2008, ao persoal do Pazo de Mariñán.

POSTO	BASE	ESPECIAL DEDICACIÓN 30%	FESTIVIDADE	DISPOÑIBILIDADE FESTIVOS	NOCTURNIDADE 17%	QUENDAS	TOTAL
<b>PAZO DE MARIÑÁN</b>							
Subgobernanta (1)	6.364,03					2.110,96	8.474,99
Cociñeiro/a (1)	7.387,57					2.110,96	9.498,53
Axudante cociña (1)	6.542,08					2.110,96	8.653,04
Camareiros/as (5)	6.542,08					2.110,96	8.653,04
<b>SECRETARIA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS</b>							
Técnico de Protocolo (1)	10.652,50	8.415,09	2.110,96				21.178,75
Secretaria Presidencia	9.389,30	8.036,14					17.425,44
Secretaria Vicepresidencia	9.389,30	8.036,14					17.425,44
<b>TESOURERÍA</b>							
Secretaria	9.389,30						9.389,30
<b>PARQUE MÓBIL</b>							
Condutor (10)	4.387,68	4.788,74		1.576,94	339,20	2.110,96	13.203,52
Subxefe parque	4.387,68	4.788,74		1.576,94	339,20	2.110,96	13.203,52
Condutor Presidencia (2)	9.547,42	6.745,40		1.576,94	477,80	2.110,96	20.458,52
<b>FOMENTO</b>							
Técnico coordinador N. Lingüística	10.258,05						10.258,05
<b>ASISTENCIA T. MUNICIPIOS</b>							
Arquitecto	10.258,05						10.258,05

## INCREMENTO FACTORES PERSOAL LABORAL (EUROS/ANO 2008)

POSTO	SOBRESOLDO CONVENIO
